

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Concurso de disfraces de Entroido de Dodro - 2020

CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DE DODRO - 2020

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Dodro, en Sesión Ordinaria do martes 14 de xaneiro de 2020, aprobou as bases para a participación no Concurso de disfraces de Entroido do Concello de Dodro do ano 2020 que se transcriben a continuación.

<<BASES "CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DODRO 2020"

Primeira.-OBXECTO

Conforme ao disposto na Lei 38/2003, de subvencións, constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do concurso de disfraces de Entroido do Concello de Dodro do ano 2020 que terá lugar o 25 de febreiro, martes de Entroido, no polideportivo municipal a partir das 17.30 horas.

A finalidade desta actividade é satisfacer o interese público que supón a celebración da festa do Entroido, unha festa con raíces profundas na nosa sociedade.

Segunda.-CRÉDITO ORZAMENTARIO

Os premios previstos nestas bases imputaranse contra a partida orzamentaria correspondente.

Terceira.- BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios dos premios previstos nestas bases todas as persoas, así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados como obxecto de premio, e que cumpran os requisitos xerais da Lei 38/2003, xeral de subvencións, ademais dos específicos previstos para as diversas modalidades do concurso.

2. Aquelas persoas menores de idade ou que non teñan plena capacidade de obrar que desexen participar deberán facelo sempre coa preceptiva autorización do titular da patria potestade ou tutela.

3. A participación no concurso de disfraces poderá ser individual, por parellas ou en grupo, conforme á clasificación que se establece na base cuarta.

Cuarta.- CATEGORÍAS

a. Categoría Individual, cando concurse unha soa persoa.

Dentro desta categoría, establécese a seguinte clasificación por idades:

- Infantil 1: de 0 a 6 anos de idade.
- Infantil 2: de 7 a 12 anos de idade.
- Xuvenil: de 13 a 17 anos de idade.
- Persoas adultas: a partir de 18 anos.

b. Categoría por Parellas, cando concursen dúas persoas xuntas.

Sen clasificación específica por idades ou doutro tipo.

c. Categoría de Grupos, cando concursen un grupo formado por tres ou máis persoas.

Sen clasificación específica por idades ou doutro tipo.

Quinta.-RÉXIME DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

1. Os premios outorgaranse, con cargo ao orzamento da Corporación, previa instancia do solicitante cos requisitos establecidos na base sétima, mediante procedemento de concorrència competitiva, segundo o establecido nestas bases. O outorgamento será motivado e os seus importes non poderán ser revisados nin ampliados.

2. O importe e categorías dos premios de cada concurso son os seguintes:

1. INDIVIDUAL- Dous premios para cada unha das categorías polo importe seguinte:

- Infantil 1: 60 €
- Infantil 2: 60 €
- Xuvenil: 60 €
- Persoas adultas: 100 €

2. POR PARELLAS

- Primeiro premio: 150 €
- Segundo premio: 125 €

3. GRUPAL

- Primeiro premio: 300 €
- Segundo premio: 200 €

Sexta.-PUBLICIDADE

Unha vez aprobadas as presentes bases, serán obxecto de publicación íntegra no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña e serán remitidas á Base Nacional de Datos de Subvencións, publicándose extracto delas no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña por conduto, o cal conterá como mínimo: 1º) Obxecto, 2º) Beneficiarios, 3º) Data da publicación das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, 4º) Prazo de presentación de solicitudes, 5º) Identidade do Xurado.

As bases publicaranse, así mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello e mais na páxina web do Concello.

Sétima.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. A inscrición deberá formalizarse no impreso de participación oficial que estará a dispor dos participantes nas dependencias e redes municipais desde o luns, 10 de febreiro de 2020.

2. O prazo de inscrición comezará o luns, 10 de febreiro e rematará o mesmo día do concurso, 25 de febreiro de 2020, ás 16.30 horas.

3. As solicitudes e, no seu caso, documentación adicional poderanse presentar:

- 1º) No Rexistro Municipal do Concello, no seu horario habitual.
- 2º) Nas oficinas de correos nos termos previstos no RD 1829/1999 no seu artigo 31.
- 3º) Na Sede electrónica Municipal (<https://sede.dodro.gal/>).
- 4º) Calquera outro dos previstos na Lei 39/2015.

4. Para aclaracións ou asesoramento en canto ás solicitudes do concurso poden poñerse en contacto coa Casa da Cultura do Concello de Dodro no teléfono 981 802 472 en horario de 9 a 14 horas.

Oitava.- MECÁNICA DO CONCURSO

As persoas inscritas no concurso deberán presentarse no polideportivo municipal o día 25 de febreiro, entre as 17.00 e as 17.15 horas, para recoller o dorsal asignado, no que se sinalará a categoría na que participa e a orde de saída na actuación.

Unha vez iniciada a actividade os/as concursantes desfilarán co seu disface ante o xurado, o cal lle adxudicará unha puntuación de “0” a “10”, sendo “0” a cifra de menor valor e “10” a de maior valor. Valorarase non só a feitura do disface senón tamén a orixinalidade, desenfado e animación da posta en escena durante o desfile.

Logo de ter desfilado todas/os as/os participantes, o xurado, atendendo ás puntuacións, emitirá o fallo do concurso e levantará acta do mesmo.

Novena.-PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II do Título I da lei 38/2003 de subvencións mediante un procedemento de concorrència competitiva, cas seguintes especialidades:

a) O órgano de instrución sinalado na lei será a Concellería delegada da área correspondente, que, para este concurso, é a Concellería de Cultura e Patrimonio.

b) O órgano colexiado encargado de avaliar aos concursantes atendendo aos criterios previstos na **base oitava**, estará formada por un xurado imparcial cuxa composición figura na **base décima**. O réxime xurídico e de funcionamento do xurado será o disposto nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Aos membros do xurado seralle aplicable o disposto sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da mesma Lei.

Na acta redactada de avaliación de candidaturas deberá recollerse como mínimo a baremación de todos os concursantes mediante o sistema previsto, por orde de maior a menor puntuación e por categoría e a proposta dos premiados por categoría.

c) Unha vez recibida a proposta do xurado, o órgano instrutor procederá a solicitar os correspondentes informes dos servizos municipais para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente así como nas presentes bases e a requirir aos premiados para que no prazo de dez días hábiles acrediten a súa identidade e acheguen certificado de número de conta da entidade bancaria cuxo titular será o premiado ou o seu representante legal.

d) O órgano instrutor á vista do expediente e do informe do xurado, formulará a proposta definitiva de resolución de concesión dos premios en favor daqueles premiados que acreditasen o cumprimento das bases e achegasen a documentación requirida, ou na súa falta, aos concursantes coa seguinte maior puntuación segundo a baremación feita polo xurado que cumprisen co disposto nesta base.

e) A Alcaldía-Presidencia será o órgano competente para unha vez vista a proposta de resolución e a fiscalización da intervención municipal, resolver mediante acordo motivado. A notificación dos actos de tramitación e resolución de concesión dos premios será publicada no taboleiro de anuncios e a páxina web do Concello, medio exclusivo de notificación de conformidade co disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décima.- XURADO

O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Xoán Xosé Vicente Franco, concelleiro de Cultura e Patrimonio do Concello de Dodro

Secretaria: Ana Mª Rial Dafonte, encargada da Biblioteca Municipal de Dodro

Vogais: - Natividad Lorenzo Campos, animadora cultural do Concello de Dodro

- Natalia Romero Ferreirós, tesoureira da ANPA de Dodro

- Benjamín Recarey Rendo, secretario da AA.VV San Xoán de Laíño

Undécima. - PAGO DOS PREMIOS

O pago de premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. No momento do pago practicarase as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

No suposto de premios compartidos por unha pluralidade de persoas, o pago será prorrateado a partes iguais entre todos os premiados que cumprisen o disposto nestas bases e achegasen a documentación requirida.

As persoas que resulten beneficiarias dos premios comprométense a autorizar ao Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de deberes tributarios, coa seguridade social.

Duodécima.- DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación no concurso previsto nestas bases implica polos participantes a aceptación incondicional das seguintes cláusulas:

1º) No suposto de concursos que impliquen a creación ou representación de obras literarias e artísticas, a cesión en modalidade non exclusiva ao concello de Dodro de maneira gratuíta dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e publicación.

2º) A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así como fotografías e vídeos dos mesmos nos actos de entrega de premios ou na participación nas actividades culturais, deportivas, lúdicas etc. obxecto do concurso.

3º) A publicación dos datos persoais dos premiados e importe dos mesmos na Base de datos Nacional de Subvencións de conformidade coa lexislación vixente.

Décimo terceira.-INSPECCIÓN E CONTROL

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades premiadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas, así como a requirir aos premiados nos termos que precise.

Décimo cuarta.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da lei 38/2003.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación do premio para actividades ou conceptos no estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento do deber de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras Administracións Públicas, constituirán causa determinante para a revogación do premio concedido, coa seguinte devolución dos créditos obtidos. Igualmente, a falsidade ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación do premio e o deber do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza no previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto nestas bases serán de aplicación a Lei 38/2003 de subvencións, o Regulamento Xeral de subvencións, a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais. >>

Dodro, 27 de xaneiro de 2020

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís

2020/636